



Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de explotación da cafetería do Náutico de Tui.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 20 de Maio de 2013, acordou, entre outros, aprobar o inicio do expediente de contratación de "Explotación de cafetería do Náutico de Tui", así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

Publícase edicto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 113, de 13 de xuño, así como anuncio no perfil do contratante do Concello de Tui (www.concellotui.org), rematando o prazo de presentación de propostas o 29 de Xuño de 2013.

Rematado o prazo de presentación de propostas, preséntanse á licitación as seguintes persoas físicas e xurídicas:

- D. Camilo Gómez Urgal
- Bouzada Rodríguez S.L.
- D. Manuel Garrido Barbosa.

Con data 2 de Xullo de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa, requírendose diversa documentación, a todos os licitadores. Rematado o prazo para a presentación da documentación requirida, e ós efectos de continuar co procedemento legalmente establecido, esta Alcaldía-Presidentencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **luns, 19 de Agosto de 2013 ás 12:00 horas**, co gallo de examinar a documentación requirida, así como proceder á apertura do **SOBRE B- DOCUMENTACIÓN SUXEITA A VALORACIÓN CON CRITERIOS SUBXECTIVOS**; Designando, como Secretaria da mesa de contratación, á funcionaria Dña. Eulogia Paramos Estévez.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 8 de Agosto de 2012

O Alcalde-Presidente

Dou fe,
A Secretaria,

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Irene Suárez López
